A BIBLIA COMO PALABRA DE DEUS

ALIANZA

TANAK

BIBLIA

TRADICIÓN

NOVO TESTAMENTO

TORAH

HISTORIA DA SALVACIÓN

ANTIGO TESTAMENTO

SAGRADA ESCRITURA

PALABRA DE DEUS

A PALABRA DE DEUS

NOVO TESTAMENTO

TANAK

HISTORIA DA SALVACIÓN

TRADICIÓN

BIBLIA

SAGRADA ESCRITURA

ANTIGO TESTAMENTO

TORAH

ALIANZA

A PALABRA DE DEUS

- A Biblia é a Palabra de Deus feita Escritura que se nos presenta como memoria permanente da Palabra Viva
- A Palabra faise Escritura baixo a inspiración do Espírito Santo
- A Tradición recibe a Palabra de Deus, constituíndo xunto coa Escritura, o depósito sagrado da Palabra de Deus, confiado á Igrexa

A inspiración bíblica

Inspiración bíblica

Quen escribiu a Biblia?

A revelación que a Sagrada Escritura contén e ofrece foi posta por escrito **baixo a inspiración do Espírito Santo**. A santa nai Igrexa, fiel á fe dos Apóstolos, recoñece que todo os libros do Antigo e do Novo Testamento, con todas as súas partes, son sagrados e canónicos, en canto que escritos por inspiración do Espírito Santo, **teñen a Deus como autor**, e como tales foron confiados á Igrexa. Na composición dos libros sagrados, Deus valeuse de **homes** elixidos, **que usaban de todas as súa facultades e talentos**; de este modo, **obrando Deus neles e por eles**, como **verdadeiros autores**, puxeron por escrito todo e só o que Deus quería. DV 11



INSPIRACIÓN:

Quen escribiu a Biblia?

Imaxes para explicar a <u>dobre autoría</u> *humana* e *divina*:



Instrumental

Ditado

Eclesiolóxica



Encontro amoroso

Inspiración bíblica

- **A xénese dos libros bíblicos: O Antigo Testamento**
  - Na orixe dos libros bíblicos tres elementos:
    - ❑ Acontecemento
    - ❑ Tradición oral
    - ❑ Tradición escrita
  - Nárranse a historia de amor (alianza) entre Deus e o seu pobo
  - O Exilio como momento clave catártico
  - O AT desenvólvese en variadas formas ou xéneros literarios
  - O contido e a forma compoñen un todo inseparable: a historia, a lei, o oráculo profético, o proverbio, a loanza unha vez que son asumidas como Escritura adquiren un valor salvífico universal que busca a conversión e a fe do oínte ou lector
  - A inspiración dase ao longo de todo o proceso dentro dunha comunidade de fe

INSPIRACIÓN BÍBLICA

- **A xénese dos libros bíblicos: O Novo Testamento**
  - O Novo Testamento testemuña como Escritura o AT:
    - Rom 1,2: [Cristo] que foi prometido polos seus profetas nas **Escrituras Santas**
    - 2 Tim 3,15: desde neno coñeces as **Sagradas Letras**, que poden darte a sabedoría que conduce á salvación por medio da fe en Cristo Xesús
    - Multitude de introducións ás citas veterotestamentarias ("a Escritura di", "O Señor di",...)
  - Aportacións cristiáns referidas ao NT:
    - A Palabra faise carne, ser humano (Xn 1)
    - Agora fala polo seu Fillo (Heb 1,1-2)
    - Cristo ilumina o AT e o AT ilumina a Cristo



INSPIRACIÓN BÍBLICA

- **Dous textos do NT sobre a inspiración bíblica:**
  - **2 Tim 3,16**:

[15]E que xa desde neno coñeces as Sagradas Letras: elas poden darche a sabedoría que conduce á salvación pola fe en Cristo Xesús. [16]**Toda a Escritura está inspirada [theópneustos] por Deus** e é útil para ensinar, para argüír, para corrixir, para educar na xustiza. [17]Dese xeito, o home de Deus tórnase perfecto e está preparado para toda obra boa (2 Tim 3,15-17)

  - **2 Ped 1,20-21**:

[20]Antes que nada, dádevos conta disto: que ningunha profecía da Escritura pode interpretarse por conta propia. [21]Pois ningunha profecía foi proferida por vontade humana, senón que, **movidos polo Espírito Santo, falaron os homes de parte de Deus** (2 Ped 1,20-21)



A TEOLOXÍA DA INSPIRACIÓN

- **A inspiración no Vaticano II:**
  - Dei Verbum:
    - Evítase falar de instrumento (rol pasivo do haxiógrafo), dándolle maior importancia á actividade humana
    - Sitúa a inspiración dentro do contexto máis xeral da revelación
    - Atribúe a Escritura a unha particular acción do Espírito Santo
    - Repite as afirmacións máis tradicionais: toda a Biblia é inspirada e Deus é o autor da Escritura
    - A inspiración concíbese como un actuar Deus por medio de homes, que escriben como verdadeiros autores todo e só aquilo que El quería que se puxese por escrito
    - Énfase na dobre autoría: Deus é autor e os haxiógrafos son verdadeiros autores
    - Deus non simplemente presta a súa asistencia divina senón que é verdadeiro autor, igual que o home é verdadeiro autor literario

A TEOLOXÍA DA INSPIRACIÓN

- **A inspiración na actualidade:**
  - Verbum Domini (2010):
    - Explica a inspiración a través da analoxía do Verbo encarnado: como o Verbo de Deus se fixo carne por obra do Espírito Santo no seo da Virxe María, así tamén a Sagrada Escritura nace no seo da Igrexa por obra do mesmo Espírito
    - Así salvagárdase a dobre autoría
  - PCB: A inspiración e a verdade da Sagrada Escritura (2014):
    - Preséntase no documento como unha relación especial con Deus (ou con Xesús), pola que El concede a un autor humano dicir (mediante o seu Espírito) o que El quere comunicar aos homes
    - Así os libros bíblicos foron escritos baixo inspiración do Espírito Santo. Deus é o seu autor porque se serve de homes escollidos, que anque actúa por eles e neles poden ser considerados verdadeiros autores


BENEDICTI PP. XVI
SUMMI PONTIFICIS
ADHORTATIO APOSTOLICA
POSTSYNODALIS
VERBUM DOMINI
AD EPISCOPOS CLERUM
PERSONAS CONSECRATAS
NECNON CHRISTIFIDELES LAICOS
DE VERBO DEI
IN VITA ET IN MISSIONE ECCLESIAE
LIBRERIA EDITRICE VATICANA
MDCX

A TEOLOXÍA DA INSPIRACIÓN

- **Conclusións:**
  - A inspiración aplícase a todo o proceso de formación do texto ata a súa canonización como Escritura Sagrada
  - Deus é o autor da Biblia
  - Os autores humanos son verdadeiros autores non meros instrumentos pasivos, xa que puxeron en xogo todas as súas capacidades
  - A Escritura participa da continxencia e limitación humanas
  - As Sagradas Escrituras son auténtica Palabra de Deus, mensaxe de verdade para o ser humano

A verdade bíblica



A VERDADE DA BIBLIA

- **A cuestión bíblica por excelencia fai referencia á verdade da Escritura**

“A Palabra de Deus dura por sempre” (Is 40,8)

“Ceo e terra pasarán mais as miñas palabras non pasarán” (Mt 13,31)

A VERDADE DA BIBLIA

- **Diferenzas entre verdade grega e semita:**
  - A verdade grega:
    - É algo oculto
    - Permanente e fixo que explica todos os cambios
    - O contrario é a ilusión, o engano
  - A verdade semita:
    - É a fidelidade a unha palabra dada
    - Realízase nun acontecer
    - O contrario é o pecado
  - A verdade cristiá:
    - É a manifestación de Deus en Cristo



A VERDADE DA BIBLIA

- **Época moderna:**
  - Ata o século XVII non houbo grandes cuestionamentos da verdade bíblica
  - O desenvolvemento das ciencias trouxo os primeiros problemas que chegarían ao punto culminante co caso Galileo
  - Nun dos seus escritos Galileo exprésase do seguinte modo:

O Espírito Santo no quere ensinarlle ao cristián se o ceo se move ou está quieto, se a terra ten a forma dunha esfera ou a dun disco, se a terra está no centro ou a un lado deste disco se o Sol é o que se move arredor da terra ou viceversa





A VERDADE DA BIBLIA

Entón falou Xosué co Señor naquel día en que entregara os amorreos diante dos fillos de Israel, e dixo en presenza do pobo: «Sol, está quedo en Gabaón; e ti, lúa, no val de Aialón. E parouse o sol e contívose a lúa, ata que se ergueron sobre os xentís, os seus inimigos. E logo non está escrito nos Cantares de Xesta? E estivo parado o sol no medio dos ceos durante todo un día, sen bulir para poñerse, e non houbo nin antes nin despois un día como aquel no que o Señor escoitase así a voz dun home (pois o Señor loitaba do lado de Israel). E Xosué voltou ó campamento -a Guilgal-, e con el todo Israel. **Xos 10,12-14**

A VERDADE BÍBLICA

solución



As afirmacións científicas da Biblia NON son revelación Bíblica

A VERDADE DA BIBLIA

- **Conclusións:**
  - A Biblia non é un libro científico, admite todas as teorías científicas en base a verdade
  - A verdade da Biblia é de orde salvífico, para a nosa salvación
  - A finalidade da Escritura é escoitar a Palabra de Deus
  - A Biblia ensina como ir ao ceo, non como é o ceo (Santo Agostiño)
  - Os xéneros literarios axudan a entender a mensaxe que se quere transmitir, para descubrir a súa finalidade

A interpretación bíblica



INTERPRETACIÓN

- **Como interpretar un texto bíblico?**

- **O punto máis importante para o noso estudo é Dei Verbum 12:**

  Tendo, pois, **falado Deus na Sagrada Escritura por homes e á maneira humana**, para que o intérprete da Sagrada Escritura comprenda o que El quixo comunicarnos, debe investigar con atención o que **pretenderon expresar realmente os haxiógrafos e quixo Dios manifestar** coas palabras deles.

ORIENTACIÓNS RECENTES DO MAXISTERIO

- **Outros elementos a ter en conta de Dei Verbum 12:**

  Para descubrir a intención dos haxiógrafos, entre outras cousas hai que atender a "**os xéneros literarios**". Xa que a verdade proponse e exprésase de maneiras diversas nos textos de diverso xénero: histórico, profético, poético ou noutros xéneros literarios. Convén, ademais, que o intérprete investigue o sentido que intentou expresar e expresou o haxiógrafo en cada circunstancia segundo **a condición do seu tempo e da súa cultura**, segundo os xéneros literarios usados na súa época. Pois para entender rectamente o que o autor sagrado quixo afirmar nos seus escritos, hai que atender coidadosamente tanto **ás formas nativas usadas de pensar, de falar ou de narrar** vixentes nos tempos do haxiógrafo, como ás que naquela época adoitaban usarse no trato mutuo dos homes.



ORIENTACIÓNS RECENTES DO MAXISTERIO

- ***Verbum Domini* Bieito XVI (2010):**
  - As Sagradas Escrituras teñen que ser como a alma da teoloxía:
    - A esexese bíblica ten que combinar o histórico e o teolóxico
    - Actualizar a Escritura
  - A hermenéutica que guía a interpretación debe estar iluminada pola fe da Igrexa:
    - Unidade de toda a Escritura (esexese canónica)
    - Ter presente a Tradición viva de toda a Igrexa
    - A fe necesaria para a interpretación
  - A unidade da Escritura: Antigo e Novo Testamento:
    - O termo Biblia responde moi ben á pluralidade na unidade
    - Toda a Escritura fala de Cristo
    - O Novo está escondido no Antigo e o Antigo é manifesto no Novo

LECTURA HERMENÉUTICA

- **Atención ao texto:**
  - Nisto consiste o traballo esexético primeiro
  - Unha análise esexética evita subxectivismos
  - Escoitalo como Palabra de Deus que é
- **O lector e o seu pre-texto:**
  - O pre-texto é a situación concreta da que parte o lector
  - É a precomprensión que plantea cuestións ao texto
- **O contexto de lectura:**
  - Ler co mesmo Espírito co que foi escrito
  - Respectando o contexto amplo do libro, do Testamento e da Biblia
  - Sempre dentro dun contexto de comuñón eclesial

LECTURA HERMENÉUTICA

- **Para ler:**
  - Carta Apostólica en forma de «*motu proprio*» do papa Francisco *Aperuit illis* coa que se institúe o domingo da Palabra de Deus

«**Abriulles** o entendemento para comprender as Escrituras» (Lc 24,45). É un dos últimos xestos realizados polo Señor resucitado, antes da súa Ascensión. Aparéceselles aos discípulos mentres están reunidos, parte o pan con eles e abre as súas mentes para comprender a Sagrada Escritura. A aqueles homes asustados e decepcionados revélalles o sentido do misterio pascual: que segundo o plan eterno do Pai, Xesús tiña que sufrir e resucitar de entre os mortos para conceder a conversión e o perdón dos pecados (cf. Lc 24,26.46-47); e promete o Espírito Santo que lles dará a forza para ser testemuñas deste misterio de salvación (cf. Lc 24,49). A relación entre o Resucitado, a comunidade de crentes e a Sagrada Escritura é intensamente vital para a nosa identidade. **Se o Señor non nos introduce é imposible comprender en profundidade a Sagrada Escritura**, pero o contrario tamén é certo: **sen a Sagrada Escritura, os acontecementos da misión de Xesús e da súa Igrexa no mundo permanecen indescifrables**. San Xerónimo escribiu con verdade: «A ignorancia das Escrituras é ignorancia de Cristo» (In Is., Prólogo: PL 24,17).